

O debuxo, o gran olvidado da arte dos últimos anos, máis preocupado de crear personalidades “realizadas” que de transmitir unha sólida educación entre aqueles que deciden encamiñarse polo difícil mundo da creación, pon en evidencia as carencias dos que non o dominan. A pesar de que hai artistas intelixentes, capaces de lograr sabias combinacións de cores, xogando coas texturas ou os materiais, despintando coa súa astucia ó máis audaz, que observa, pasmado, o marabilloso que resulta, por exemplo, a volta ó esencial ou ó primitivo. Para estes, loxicamente, o debuxo é antónimo de creatividade.

Afortunadamente este non é o caso de Carmen Chacón. A súa ampla formación asentada nunha boa base de debuxos, paciencia e perseverancia, tradúcese, unha vez axitados tódolos ingredientes, unha pintura auténtica, pensada e estudiada para plantarlle cara á ironía estéril. Anos de investigación e de traballos, o paso lóxico, arriscado e preciso da figuración ó abstracto, axudaron a Carmen a alonxar da súa obra a sensación de non dicir nada auténtico.

A súa pintura é pois o froito dunha busca concienciada. Cada cambio, cada transformación que sofre a súa obra é o produto de moitas horas de traballo, dun camiño lento e meditado, onde as présas non teñen cabida. Todo debe ter unha continuidade lóxica. Por iso Carmen, con cautela, emprende novas aventuras creativas, como esta que se presenta na Casa da Parra, partindo sempre do experimentado en traballos anteriores e liberándose da sensación xeral de trivialidade que infecta a nosa cultura.

Con tranquilidade comprobamos como os fondos se foron despexando, as formas vanse reducindo e a paleta diversifícase nun colorido protagonizado por finos tons pasteis, pero tamén por cores máis agresivas que confirman a versatilidade da pintora á hora de xogar coas cores, turquesas verdes ou agradables salmóns marcan o carácter diferenciador de Carmen Chacón e, ó mesmo tempo, serven de base para suxerir múltiples e indeterminadas formas, ás veces vexetais, ás veces metálicas, pero sempre dominadas por unha fina liña que, case sen darnos conta, vai dirixindo as nosas miradas por onde mellor lle parece.

A liña e o espacio son os grandes protagonistas na pintura de Carmen Chacón. Ambos complementáanse. Unhas veces é a liña a que acota ou prolonga o espacio. Outras é o mesmo espacio o que penetra no ámbito da liña, creando un elegante xogo de tenxións e equilibrios. Claro que non hai que esquecer que todo se fai baixo a atenta mirada do debuxo, que é, por así dícilo, o director da película.

Como tódolos artistas, ou polo menos como deberían de facer tódolos artistas, Carmen busca conectar co gran público, alterar esa pequena dose de sensibilidade que levamos, no no interior. Porque, de verdade, créanme, a obra vista no seu conxunto funciona tan ben que relaxa. E cando unha pintura, unha escultura ou o que sexa, acada proporcionarnos un pouco de paz, quere dicir que traspasou con éxito o limiar da indiferencia. O cal non é pouco nos tempos que corren.

O fondo dos cadros, eses fondos tan puros, tan limpos, albiscan sen embargo o que pode se-lo futuro creativo de Carmen Chacón. Tímidas incursións sentan as bases para novas investigacións das que sen dúbida esta exposición é un tránsito preciso que lle aporta solidez a unha traxectoria co suficiente talento e calidade para elaborar boa pintura.

SUSANA CENDAN.